

# **ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR DE CENTRO**

CEP SABARÍS

Maio 2022

ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR  
CEP SABARÍS

**ÍNDICE**

Introdución .....	3
Avaliación na educación primaria .....	3
Promoción na educación primaria .....	4
Criterios de outorgamento de mencións honoríficas na educación primaria .....	4
Aprobación e comunicación á comunidade educativa .....	6

## **Introdución**

Esta adaptación da avaliación está elaborada seguindo a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia e supón unha adaptación da concreción curricular do centro, polo que neste curso 21/22 os aspectos relacionados coa avaliación e promoción do alumnado seguirán as instrucións consideradas nesta orde.

A finalidade da avaliación será a valoración dos procesos e dos resultados da aprendizaxe do alumnado e do exercicio da práctica docente.

Seguindo a Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, garantimos o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva, recoñecendo e valorando o seu esforzo e rendemento con obxectividade.

## **Avaliación na educación primaria**

### ➤ **Criterios xerais**

- A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
- No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado estableceremos medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as

dificultades, prestando especial atención ao alumnado con NEE, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

- A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado.
- Os criterios de avaliación, e de ser o caso, os estándares de aprendizaxe, serán o referente para a valoración da aprendizaxe do alumnado e están recollidos nas correspondentes programacións didácticas das distintas áreas de educación primaria.
- No caso de alumnado con NEAE con adaptación curricular os referentes da avaliación serán os incluídos na correspondente adaptación, sen que isto lle impida a promoción ao curso ou etapa seguinte.

## **Promoción na educación primaria**

### ➤ **Criterios xerais**

- O equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado na avaliación final. Esta decisión tomarase de xeito colexiado tendo en conta os criterios xerais de promoción e respectando prioritariamente a opinión do profesorado titor.
- O alumnado de 1º, 3º e 5º de primaria promocionará automaticamente.
- Nos cursos de 2º, 4º e 6º de primaria, o alumnado, unha vez realizada a avaliación final, promocionará de curso nos seguintes casos:
  - Ten aprobadas todas as materias.

- Se a media aritmética de todas as materias é igual ou superior a 5.
- Se o equipo docente considera que as materias non superadas, lle permiten seguir con éxito ao curso seguinte.
- Se o equipo docente considera que o alumno/alumna ten unhas expectativas favorables de recuperación.
- Se o equipo docente considera que a promoción beneficia a evolución do alumno/a, tanto a nivel académico como a nivel socio-emocional.
- O alumnado que alcanzou as competencias clave con un adecuado grao de madurez.
- O alumnado que non alcanzou na totalidade as competencias clave e un grao de madurez adecuado, pero se considera que esas circunstancias non lle impedirán seguir con aproveitamento o novo curso.

➤ **Procedemento a seguir co alumnado con cualificacións negativas**

- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano mais no mesmo curso. Esta medida será de carácter excepcional e tomarase se tras aplicar as medidas ordinarias de reforzo e apoio ao alumnado, estas non son suficientes. E será o equipo docente, quen considerará a permanencia un ano mais no mesmo curso como a medida mais axeitada para favorecer o seu desenvolvemento. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez en toda a etapa de primaria, oídas as nais e os pais e ou titores/ titoras legais.
- Neste caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que este alumnado poida acadar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Para a elaboración e seguimento do plan específico de reforzo seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.
- O alumnado que promocióne con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non acadadas no curso anterior.
- Ao final dos cursos de 2º e 4º de EP o profesorado titor realizará un informe sobre o

grao de adquisición das competencias de cada alumno o alumna, indicando se fose necesario as medidas de reforzo a ter en conta no seguinte ciclo.

- Ao finalizar 6º de educación primaria o profesorado titor elaborará un informe individual de cada alumno/alumna onde se recolla a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con NEE este informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas e a necesidade da súa continuidade na seguinte etapa educativa.

## **Criterios de outorgamento de mencións honoríficas na educación primaria**

- Seguindo a orde do 9 de xuño de 2016, os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas de final de etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento e un desenvolvemento competencial excelente. Así como, presentar regularidade e constancia ao longo da EP.
- A proposta de “Mención honorífica” farase constar na acta de avaliación.

## **Aprobación e comunicación á comunidade educativa da modificación da concreción curricular**

O mércores 4 de maio de 2022, en reunión extraordinaria do Claustro Extraordinario de Profesores do CEP Sabarís, queda aprobado este documento.

Este documento farase público na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR  
CEP SABARÍS